

ACORDEÓN

4º GRAO PROFESIONAL

PROBA DE INSTRUMENTO

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba teóricopráctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Invención a tres voces ou Clave ben temperado, Bach.
- Sonatas de Haydn.
- Suite para niños nº1 W. Semionov
- In the zoo N. Bentzon
- Ciaccona J. Oppenheimer
- Il croceria dei matti W. Beltrami
- Espejo del Mar J. C. Cárcamo
- Suite breve Errico
- Ecstasy A. Damme
- Kapriolen J. Thilman
- Canzona H. Kirmsse
- Der jröhliche Herbert M. Butting
- Aisthanomai H. Noth
- Ipar haizea I. Peña

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do ditado, daráselles aos alumnos examinados o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.

- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os alumnos examinados disporán de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.